

ASUNTO: DECRETO LEVANTAMENTO SUSPENSIÓN FEIRAS

DECRETO

Con data 13 de marzo do 2020 por decreto da Alcaldía acordouse a suspensión da celebración de feiras no mercado gandeiro.

Con data 23 de marzo do 2020 do Diario Oficial de Galicia de data 24 de marzo do 2020 publícanse as medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do acordo do centro de coordinación operativa de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (CECOP) de 18 de marzo do 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias.

Vista a resolución de 4 de maio de 2020 da Consellería de Medio Rural en cumprimento do acordo do centro de coordinación operativa de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (CECOP) de 18 de marzo do 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Levantar a suspensión da celebración de feiras no mercado gandeiro dende o día 6 de maio do 2020, incluído.

Segundo.- Determinar que as medidas para a realización da citada feira sexan as establecidas no Anexo da Resolución de 4 de maio do 2020 da Consellería de Medio Rural.

Terceiro.- Dar traslado presente decreto aos Servizos Económicos e ao Departamento da Cidadanía do Concello.

O ALCALDE

O SECRETARIO

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004FAD800W1E5U9M6R6N4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/05/2020 12:18:25

DECRETO: 202000628
Fecha: 06/05/2020
Hora: 12:18
Persona 76561868C

